



Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1Valora a creación como acto de amor de Deus ao home	REL1/1.1.1 Coñece, respecta e coida a obra creada
B1.2Recoñece que a persoa é un ser capaz de falar con Deus	REL1/1.1.2Expresa con palabras asombro pola creación
B2.1Recoñece a relación paterno-filial entre Deus e o home	REL1/1.2.1Identifica os coidados que recibe na súa vida como don de Deus
B2.2Identifica a acción de Deus na historia nos relatos bíblicos	REL1/2.1.1Coñece que Deus fala a Abraham e a Moisés para ser seu amigo
B3.1Coñecer e valorar a resposta de María a Deus.	REL1/2.2.1Coñece e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia
	REL1/3.1.1Le e expresa,verbal ou gráficamente momentos na vida de María


Tendo en conta que este 3<sup>a</sup> trimestre seguiremos repasando os estándares de aprendizaxe da 1<sup>a</sup> e 2<sup>a</sup> avaliación, os estándares serán os mesmos, xa que non considero que haxa estándares imprescindibles para esta 3<sup>a</sup> avaliación, e polo tanto serán dados no curso seguinte.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Os procedementos de avaliación nas dúas primeiras avaliacións figuran na programación didáctica do curso e inclúen: análise das producións do alumnado, observación sistemática, intercambios orais co alumnado, cuestionarios e probas específicas.</p> <p>Para o terceiro trimestre utilizaremos a análise das producións do alumnado e o intercambio oral ou escrito con eles, tendo especialmente en conta as dificultades que entraña esta formación a distancia para o alumnado e para as súas familias, e a vulnerabilidade emocional que provoca o confinamento.</p>
	<p>Instrumentos: Os instrumentos empregados nos dous primeiros trimestres foron:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise das producións do alumnado: textos escritos, textos orais, resolución de problemas, cadernos de clase, producións plásticas, producións musicais, producións motrices..</li> <li>- Observación sistemática: diarios de clase, escalas de observación, rexistros, rúbricas...</li> <li>- Intercambios orais co alumnado: asembleas, debates, postas en común...</li> <li>- Cuestionarios: probas orais, probas escritas.</li> <li>- Probas específicas</li> </ul> <p>Para o terceiro trimestre, de acordo co explicado no apartado anterior, empregaremos a análise das producións do alumnado, a súa participación nas propostas programadas e o intercambio oral ou escrito con eles.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Para obter a cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o presente curso, valoraremos especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles definidas neste documento que foron traballadas durante os dous primeiros trimestres, e serán o contido das propostas de repaso, recuperación e reforzo programadas para o terceiro trimestre.</p> <p>A cualificación final será a nota media entre as cualificacións do primeiro e do segundo trimestre do curso, engadindo a valoración das actividades desenvolvidas no terceiro trimestre unicamente se beneficia ao alumno ou alumna. No caso contrario, non se terá en conta na cualificación final.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Avaliación de materia pendentas</b>	
	<p><b>Criterios de cualificación:</b></p>

	Procedementos e instrumentos de avaliación:

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Actividades para reforzar os contidos fundamentais da 1ª e 2ª avaliación. Actividades interactivas sacadas de distintos blogs de relixión, videos, fichas e cancións.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	Apostarase por unha metodoloxía flexible, aberta e participativa tendo en conta as circunstancias excepcionais que estamos a vivir. Tentarase apostar por tarefas integradas e competencias (globalizadas e interdisciplinares)
<b>Materiais e recursos</b>	Os traballos e tarefas de relixión católica súbense ao blog de cada curso.

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Para trasladar a información ao alumnado e ás familias das propostas e actividades que se programarán no terceiro trimestre, utilizaremos, en función dos distintos cursos, dos recursos das familias e do tipo de contido, os seguintes medios: Abalar, correo electrónico, teléfono, E-dixgal, blogs do centro e videoconferencias. Para informar da propia adaptación da Programación do curso, remitiremos unha mensaxe Abalar a todas as familias, comunicando a súa publicación.
<b>Publicidade</b>	Para trasladar a información ao alumnado e ás familias das propostas e actividades que se programarán no terceiro trimestre, utilizaremos, en función dos distintos cursos, dos recursos das familias e do tipo de contido, os seguintes medios: Abalar, correo electrónico, teléfono, E-dixgal, blogs do centro e videoconferencias. Para informar da propia adaptación da Programación do curso, remitiremos unha mensaxe Abalar a todas as familias, comunicando a súa publicación.